



EXPTE. nº 1875/2023 (1/2023): “ORGANIZACIÓN, XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA FEIRA DE ARTESANÍA DA VILA DE PORTONOVO DURANTE A TEMPADA DE VERÁN DE 2023”.

INFORME TÉCNICO

Visto o expediente de referencia, procédese á emisión do informe de valoración das propostas admitidas quedando como segue:

Os criterios de valoración empregados para a realización do presente informe, axústanse ao establecido na base 7ª, apartado B, do prego de bases do Concurso convocado para o outorgamento da autorización administrativa necesaria para a “Organización, Xestión e Explotación da Feira de Artesanía da vila de Portonovo durante a tempada de verán de 2023”.

CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS SOLICITUDES PARA O OUTORGAMENTO DA AUTORIZACIÓN:

(Base 7ª apartado B do Prego):

MEMORIA ORGANIZATIVA E DESCRIPTIVA DA ACTIVIDADE A DESENVOLVER NO MARCO DA/S AUTORIZACIÓN/S A OUTORGAR. CRITERIO VALORADO CUN MÁXIMO DE 50 PUNTOS.

En concreto, valóranse os seguintes apartados da memoria:

- Descrición da tipoloxía e dos materiais das casetas a instalar para a Feira e das súas características estéticas, dimensionais e estruturais. **Criterio valorado cun máximo de 10 puntos.**
- Incorporación dun plan de mantemento e vixilancia da vía pública de Feira, tendo en conta as posibles situacións de carácter extraordinario. Valorarase positivamente a descrición dos medios persoais e materiais postos a disposición da Feira para o seu mantemento e vixilancia, e en concreto, número de efectivos, distribución e horarios. **Criterio valorado cun máximo de 5 puntos.**

A proposta da única plica que se presentou ao concurso, **ASOCIACIÓN GALEGA DE ARTESANS**, acadou a seguinte puntuación na valoración de carácter técnico que establece a base 7ª apartado b) do Prego, de acordo co seguinte:





➤ **PLICA PRESENTADA POLA ASOCIACIÓN GALEGA DE ARTESANS.**

- **DESCRIPCIÓN DA TIPOLOXÍA E DOS MATERIAIS DAS CASETAS A INSTALAR PARA A FEIRA E DAS SÚAS CARACTERÍSTICAS ESTÉTICAS, DIMENSIONAIS E ESTRUCTURAIS. CRITERIO VALORADO CUN MÁXIMO DE 10 PUNTOS.**

Descrición da tipoloxía e dos materiais das casetas a instalar:

O licitador aporta unha descrición das casetas a instalar, sendo basicamente as seguintes:

- Dimensións 3,00 x 2,00 metros en planta.
- Cerramento a base placas de melamina e perfís de aluminio.
- Teito en lona PVC M2 opaca e ignífuga.
- Mecanismo de peche frontal mediante persiana con pechadura e con visera frontal.
- Tarima con perfil de aluminio, taboleiro de madeira contrachapada mariña e antideslizante de 21 mm., con moqueta.
- Instalación eléctrica con cadro diferencial monofásico, iluminación con proxectores LED e toma de corrente.
- Aporta fotografía da caseta tipo.

Puntuación: 6 puntos.

- **PLAN DE MANTEMENTO E VIXILANCIA DA VÍA PÚBLICA DA FEIRA. CRITERIO VALORADO CUN MÁXIMO DE 5 PUNTOS.**

Para o plan de mantemento e vixilancia, o licitador propón a contratación dunha empresa de seguridade para o servizo de vixilancia na vía pública que cubriría os períodos de tempo nos que a Feira está pechada ao público.

Indica os horario que estará operativa a vixilancia. Propón unha unidade de garda de seguridade en todo momento, con quenda dun máximo de 8 horas de duración continuada.

Indica o licitador que a Feira contará cunha persoa encargada do mantemento xeral para atender ás posibles incidencias que poidan xurdir durante a celebración en relación á montaxe xeral das casetas, durante o horario de apertura da Feira ou fóra do horario.

Puntuación: 3 puntos.

PUNTUACIÓN TOTAL DA PLICA: 9 PUNTOS





CADRO RESUMEN DA PUNTUACIÓN OBTIDA:

LICITADOR: ASOCIACIÓN GALEGA DE ARTESÁNS	
Descrición da tipoloxía e dos materiais das casetas a instalar	6 puntos
Plan de mantemento e vixilancia	3 puntos
TOTAL	9 puntos

Sanxenxo, á data indicada na sinatura dixital

Enxeñeiro Técnico Municipal
José María Troncoso Viñas.

